

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Recurso de inconstitucionalidade número 822-2011.

O pleno do Tribunal Constitucional, por providencia do 1 de marzo actual, admitiu a trámite o recurso de inconstitucionalidade número 822-2011, promovido polo presidente do Goberno contra os artigos 1º a 4º e disposicións adicionais primeira e segunda da Lei de Galicia 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia. E faise constar que o presidente do Goberno invocou o artigo 161º.2 da Constitución, o que produce a suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados desde a data de interposición do recurso, 11 de febreiro de 2011, para as partes do proceso, e desde a publicación do correspondente edicto no *Boletín Oficial del Estado* para os terceiros.

Madrid, un de marzo de dous mil once.

Hermida Palencia Guerra
Secretaría de xustiza do Pleno

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 21 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

No Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de política inmigratoria e de retorno en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Para dar cumprimento aos obxectivos que ten encomendados, esta secretaría xeral convoca unha resolución de axudas e subvencións destinadas ás entidades sen ánimo de lucro que realicen proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega para o ano 2011.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, respectando os principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos cales se debe axustar a xestión das subvencións e axudas outorgadas polas administracións públicas.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, coa Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa de aplicación, logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

RESOLVO:

Artigo 1º.-*Convocatoria e bases reguladoras.*

1. Apróbanse as bases, que se inclúen como anexo, polas cales se rexerá a concesión de subvencións da Secretaría Xeral da Emigración, en réxime de concorrència competitiva, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas subvencións para o ano 2011.

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2º.-Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 3º.-Desenvolvemento e aplicación.

O secretario xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta convocatoria e das súas bases reguladoras.

Artigo 4º.-Financiamento.

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de catrocentos mil euros (400.000 €) correspondentes á aplicación orzamentaria 04.50.312C.481.0. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores disponibilidades orzamentarias que se poidan producir nas devanditas aplicacións.

Artigo 5º.-Réxime de recursos.

Contra esta resolución, que é definitiva na vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o secretario xeral da Emigración, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2011.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións correspondentes a entidades sen ánimo de lucro para que desenvolvan proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración, en favor da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega

Artigo 1º.-Obxecto.

1. O obxecto destas bases é a convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos que conteñan actividades destinadas a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega.

2. Só poderán subvencionarse proxectos referidos aos eixes e accións que se detallan no artigo 6º das bases reguladoras, que sexan executados entre o 1 de decembro de 2010 e o 30 de setembro de 2011.

Artigo 2º.-Ámbito e finalidade das subvencións.

As actuacións obxecto de subvención previstas nesta convocatoria desenvolveranse no territorio da Comunidade Autónoma galega, agás as previstas no eixe de codesenvolvemento e retorno voluntario e terán como finalidade favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións aquelas entidades sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, que cumpran na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo.
2. Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na comunidade autónoma.
3. Estar inscritas na Guía de entidades da web da Secretaría Xeral da Emigración (www.galiciaaberta.com).
4. Desenvolver actuacións que favorezan a acollida e integración das persoas inmigrantes e retornadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Dispoñer de experiencia e capacidade para garantir a realización das accións obxecto da subvención.
6. Non incorrer en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións, enumeradas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non poderán ser beneficiarias das subvencións as entidades de dereito público as universidades, os partidos políticos, as sociedades civís, organizacións sindicais, as asociacións profesionais ou empresariais, os colexios profesionais e calquera entidade non citada neste artigo que non acredite non ter ánimo de lucro.

Artigo 4º.-Accións subvencionables.

1. Poderán subvencionarse con cargo a esta resolución os gastos correntes, que deberán estar debidamente relacionados nos orzamentos de ingresos e gastos de cada un dos proxectos que se presenten a esta convocatoria.

2. Non serán obxecto de subvención.

-Os gastos de investimento.

-Os gastos financeiros.

-Os recargos de mora ou sancións por impagamento de impostos ou Seguridade Social.

-As gratificacións que, de ser o caso, perciban os voluntarios, socios ou colaboradores das entidades beneficiarias.

3. No suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, cando o importe subvencionable supere os 12.000 € o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo. Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que presten o servizo ou cando o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención, deberase xustificar motivadamente o feito que impide o cumprimento desta obriga.

4. Cada entidade solicitante poderá solicitar axudas para un máximo de tres proxectos e só se poderá presentar un único proxecto por cada unha das accións, das que figuran enumeradas no artigo 6º desta resolución, para as que se solicite subvención.

Artigo 5º.-*Contía da axuda.*

1. O importe da subvención poderá alcanzar o 80% do custo de cada un dos proxectos presentados cos seguintes límites máximos de subvención segundo o eixe ou acción, das que figuran no artigo 6º, en que se enmarque o proxecto:

1. Eixe de acollida:

-Accións da epígrafe 1.1: 30.000 €.

-Accións da epígrafe 1.2: 3.000 €.

-Accións da epígrafe 1.3: 6.000 €.

2. Eixe de educación:

-Accións da epígrafe 2.1: 3.000 €.

-Accións da epígrafe 2.2: 6.000 €.

3. Eixe de saúde: 6.000 €.

4. Eixe de codesenvolvemento e retorno voluntario:

-Accións da epígrafe 4.1: 15.000 €.

-Accións da epígrafe 4.2: 6.000 €.

5. Eixe de fomento do asociacionismo: 3.000 €.

2. En ningún caso o importe subvencionado en cada proxecto poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

Artigo 6º.-*Eixes e accións subvencionables.*

1. Eixe de acollida:

1.1. Accións de acollida que inclúan aloxamento e/ou manutención.

1.2. Accións de información, asesoramento e orientación xurídica.

Desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto garantir a asistencia xurídica en materia de estranxeiría e de retorno, adecualos ás necesidades cambiantes da poboación migrante, promovendo o acceso a un asesoramento xurídico de calidade que permita o pleno coñecemento dos dereitos e obrigas que lles atribúe a lexislación vixente.

1.3. Accións cuxo obxectivo sexa proporcionar atención social, acollida, apoio técnico e profesional a persoas en situación de especial vulnerabilidade e a mulleres inmigrantes e retornadas, soas, xestantes ou con fillos menores, vítimas de violencia de xénero ou de redes de tráfico e explotación sexual, carentes de recursos e redes familiares ou sociais de apoio.

2. Eixe de educación:

2.1. Accións de ensinanza das linguas da sociedade de acollida.

2.2. Accións de reforzo educativo e escolarización dos alumnos de orixe inmigrante e retornados en etapas escolares obrigatorias e non obrigatorias.

Trátase de apoiar o reforzo da escolarización dos alumnos de orixe inmigrante e retornados, en etapas escolares obrigatorias e non obrigatorias: primaranse as accións que teñan por obxecto reforzar as axudas no ámbito escolar a través de bolsas e axudas de comedor, transporte e material escolar, co obxectivo de fomentar as actuacións coordinadas entre os centros educativos e o seu ámbito.

3. Eixe de saúde:

Accións de promoción da saúde e asistencia ás necesidades específicas da poboación inmigrante e retornada.

As accións deberán ter por obxecto facilitar o acceso á poboación inmigrante e retornada á prevención e promoción da saúde mediante a realización de accións preventivas e socioeducativas.

4. Eixe de codesenvolvemento e retorno voluntario:

4.1. Accións de codesenvolvemento que inclúan a participación activa das persoas inmigrantes.

O obxectivo é promover accións de codesenvolvemento nos países de orixe que estean xestionadas, total ou parcialmente, polas posibles entidades beneficiarias desta convocatoria de axudas.

4.2. Accións destinadas a facilitar o retorno voluntario ao seu país de orixe de persoas inmigrantes en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

5. Eixe de fomento do asociacionismo:

Accións de fomento de asociacións de persoas inmigrantes e/ou retornadas e entidades sociais cuxo fin específico sexa a atención das necesidades da poboación inmigrante e/ou retornada. Terán preferencia aquelas accións encamiñadas á captación de socios nas asociacións existentes e a creación de federacións de asociacións.

Artigo 7º.-*Criterios de valoración.*

Os proxectos presentados para desenvolver os eixes e accións subvencionables serán obxecto de valoración, de acordo cos seguintes criterios:

a) Calidade xeral e contido do proxecto: ata 60 puntos.

-Calidade técnica do proxecto presentado en canto ao seu contido, metodoloxía de traballo e que o seu orzamento, cuantitativa e cualitativamente, sexa axeitado aos obxectivos previstos: ata 30 puntos.

-Emprego de elementos ou metodoloxías innovadoras e o emprego de tecnoloxías da información e da comunicación adaptadas á poboación inmigrante e retornada: ata 10 puntos.

-Necesidade social do proxecto, en función do número de persoas inmigrantes e retornadas que vaian resultar beneficiarias e da insuficiencia de actuacións que coa mesma finalidade se desenvolvían: ata 20 puntos.

b) Implantación da entidade e a súa estrutura e capacidade de xestión: ata 30 puntos.

-Especialización da entidade na atención ao colectivo a que se dirixe o proxecto: ata 10 puntos.

-Experiencia no desenvolvemento de proxectos e accións no ámbito da inmigración e do retorno: ata 10 puntos.

Nesta epígrafe teranse especialmente en conta aquelas actividades realizadas polos solicitantes que fosen introducidas na Guía de actividades e programas da páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (www.galiciaaberta.com).

-Proxectos de continuidade que tivesen unha valoración satisfactoria dos seus resultados en convocatorias anteriores: ata 10 puntos.

d) Participación doutras entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento e execución dos proxectos: ata 5 puntos.

e) Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 5 puntos.

Artigo 8º.-*Solicitudes e lugar de presentación.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberase presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo I da correspondente resolución de convocatoria, que irá acompañada dos documentos que se especifican nos artigos correspondentes das bases reguladoras. Este modelo de solicitude obterase a través do portal da Secretaría Xeral da Emigración no seguinte enderezo da internet (<http://www.galiciaaberta.com/>), así como na Guía do cidadán situada na páxina web da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es>).

2. As solicitudes de subvencións xunto co resto da documentación dirixiranse ao órgano competente, Secretaría Xeral da Emigración, na rúa dos Basquiños 2, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 9º.-*Documentación xeral.*

A documentación presentada polos beneficiarios, tanto na fase de solicitude como na fase de xustificación, deberá ser asinada polos representantes legais das entidades solicitantes.

As solicitudes deberánse presentar no modelo normalizado que figura como anexo I a esta resolución, cuberto en todos os seus puntos. Ademais, necesariamente, deberase xuntar a seguinte documentación en orixinal ou copia debidamente compulsada:

a) Acreditar a identidade e a capacidade de representación do asinante da solicitude. Deberá acreditar a identidade no caso de que denegue a autorización á Secretaría Xeral da Emigración para que obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no DNI (anexo III).

b) Eixes e accións para os que se solicita a subvención (anexo II).

c) Acreditar o requisito da inscrición no rexistro correspondente, de acordo co establecido no artigo 3º das bases reguladoras desta resolución.

d) Estatutos da entidade debidamente legalizados.

e) Certificado da entidade que acredite o número de socios, coa desagregación dos que teñan a condición de emigrantes retornados ou inmigrantes, e a súa procedencia ou nacionalidade.

f) Orzamento de ingresos e gastos da entidade correspondente ao exercicio económico 2010.

g) Tarxeta de identificación fiscal.

h) Declaración das axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes doutras

administracións públicas, Unión Europea ou calquera outro ente público ou privado, segundo o modelo recollido no anexo III.

i) Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias e prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo III).

j) Declaración de que a entidade se atopa ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia, para o que poderá utilizarse o modelo do anexo IV.

k) Memoria da entidade (anexo V).

l) Unha memoria explicativa do proxecto solicitado (anexo VI).

m) Certificación expedida pola entidade bancaria en que a entidade solicitante figure como titular dunha conta (anexo VII).

Artigo 10º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras. Para os efectos do previsto no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización á Secretaría Xeral da Emigración para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido.

2. A entidade solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, e no Rexistro Público de Sancións, creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9º.4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes deste programa serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. As entidades solicitantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral da Emigración como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 11º.-*Órgano competente.*

1. A Subdirección Xeral do Retorno e da Inmigración é o órgano encargado da instrución do procedemento de concesión da subvención e correspóndelle ao secretario xeral da Emigración ditar a resolución de concesión ou denegación da subvención.

No caso da concesión de anticipos previstos no artigo 21º.2 destas bases reguladoras será o subdirector xeral do Retorno e da Inmigración quen faga a proposta de concesión ou denegación dos ditos anticipos ao secretario xeral da Emigración, quen resolverá motivadamente.

2. Crearase unha comisión de avaliación, presidida polo subdirector xeral do Retorno e da Inmigración, que estará formada polos seguintes membros:

-O/a xefe/a do Servizo de Programas e Atención Integral.

-O/a xefe/a do Servizo de Información e Tramitación de Subvencións.

-Un/unha funcionario/a da subdirección, que actuará como secretario/a.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión de avaliación, poderá ser substituído pola persoa que para o efecto designe o secretario xeral da Emigración.

3. A comisión de avaliación, unha vez valorados os expedientes, segundo os criterios sinalados no artigo 7º das bases reguladoras da correspondente resolución de convocatoria, e á vista do informe emitido polo órgano instrutor, en que conste que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder á subvención, emitirá informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada.

4. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución, que se presentará ao secretario xeral da Emigración, que é o órgano competente para resolver, quen resolverá dentro das dispoñibilidades

orxamentarias. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes na orde de puntuación.

Artigo 12º.-Instrución do procedemento.

1. O procedemento para a tramitación e concesión das subvencións que se convocan por esta resolución axustarase ao procedemento de concorrência competitiva previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da referida Lei 9/2007, e demais normativa de aplicación.

2. De acordo co establecido no artigo 20º.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta resolución, o órgano competente requirirá a entidade solicitante para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicarlle que, se non o fixese, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-Requirimentos.

1. De acordo co artigo 59º.6 da Lei 30/1992, a realización dos requirimentos que procedan poderase efectuar por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na web <http://www.galiciaaberta.com>.

2. A eficacia dos citados requirimentos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar os requirimentos ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude e entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, débese significar que os prazos de dez días se computarán desde a publicación na páxina web dos requirimentos e non desde a súa comunicación.

Artigo 14º.-Resolución e notificación.

As resolucións serán ditadas polo secretario xeral da Emigración e notificadas aos interesados. A Secretaría Xeral da Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións de contía igual ou superior a 3.000 euros concedidas a través desta convocatoria, indicando o programa e o crédito orxamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade para a cal se outorgou a subvención.

Ademais, e de conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a

Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web <http://www.galiciaaberta.com> a relación dos beneficiarios e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e para a súa publicación na citada páxina web.

Artigo 15º.-Prazo de resolución.

O prazo máximo para resolver será de tres meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderanse entender desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23º.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra esta resolución, transcorridos dez días hábiles desde a notificación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario/a.

2. No caso de comunicarse a renuncia en prazo, o secretario xeral da Emigración ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42º.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo secretario xeral da Emigración, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado.

Artigo 18º.-Réxime de recursos.

Contra as resolucións que se diten ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria, que poñen fin á vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolu-

cións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se é expresa. Se non o fose, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 19º.-*Subcontratacións.*

Por razón da natureza das actividades que integran o proxecto subvencionado, poderase autorizar á entidade beneficiaria a subcontratación parcial por un máximo do 50% do importe da actividade subvencionada, tal e como se recolle na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, excepto no caso de que a adxudicación recaese en empresas que contén no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%, no cal a dita subcontratación pode alcanzar o 70%, segundo o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010. Cando a actividade concertada con terceiros exceda o 20% do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 27º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Xustificación da subvención.*

1. Os proxectos subvencionados deberán ser executados e xustificados antes do 30 de setembro do ano en curso.

2. A xustificación polos beneficiarios do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, recollida no artigo 48º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. A xustificación económica de cada proxecto executado deberá ser do 100% do orzamento presentado polo solicitante, ou das súas reformulacións posteriores, que figura no anexo II. Se os gastos efectuados fosen inferiores ao custo total previsto do proxecto, isto é á subvención concedida máis as achegas propias e/ou ás doutras entidades, segundo o declarado na solicitude, procederase de acordo co número 5 deste artigo.

4. Previamente ao pagamento final do importe da subvención concedida, as entidades beneficiarias deberán presentar na forma prevista no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no prazo establecido no

punto 1 deste artigo a documentación xustificativa de cada proxecto.

A dita documentación deberá presentarse de forma separada para cada un dos proxectos que fosen subvencionados e estará composta para cada un deles por:

a) Unha memoria detallada e técnica das actividades desenvolvidas á que se lle engadirán as fichas resumo do proxecto e das actividades recollidas no anexo VIII.

b) Certificación orixinal emitida polos representantes legais da entidade beneficiaria, en que conste a denominación do eixe, acción e proxecto realizado, contía do gasto así como a súa imputación aos fins para os que foi concedida a subvención (anexo IX).

c) Declaración das axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas, Unión Europea ou calquera outro ente público ou privado (anexo XI).

d) Declaración responsable de que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia, para o que poderá utilizarse o modelo do anexo XI.

e) Declaración asinada polos representantes legais da entidade beneficiaria, segundo o detalle que aparece no anexo XI desta resolución, que acredite o financiamento das accións subvencionadas que foron realizadas.

f) No suposto de compatibilidade con outras axudas, deberase presentar unha certificación da entidade en que conste que a suma de todas as axudas recibidas non supera o custo total dos proxectos, debendo certificarse igualmente a procedencia dos fondos e o seu importe.

g) Xustificantes acreditativos dos gastos realizados, xunto coa relación destes de acordo co modelo recollido no anexo X.

As facturas deberán presentarse en documento orixinal ou formato electrónico admisible legalmente e copias para a súa debida compulsa ou ben as copias xa debidamente compulsadas por funcionario da Xunta de Galicia. En calquera caso, as facturas deberán estar numeradas, correspondéndose a numeración de cada unha co número de orde que teña asignado no anexo X.

Cada factura deberá ir acompañada do seu correspondente documento acreditativo do pagamento. As acreditacións dos pagamentos farase mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polos beneficiarios.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con fotocopias dos documentos bancarios de cargo en que conste o cambio empregado.

Con carácter excepcional, só se aceptará a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 300 euros, sempre que estes gastos se efectúen no ámbito do comercio retalista.

En todo caso, os gastos de persoal xustificaranse coa presentación de nóminas e dos boletíns de cotización da Seguridade Social, todo iso acompañado da correspondente documentación acreditativa do seu pagamento.

En caso de gastos de aluguer deberase presentar, ademais das correspondentes facturas e documentos de pagamento, copia do contrato de arrendamento a nome da entidade beneficiaria.

O financiamento de calquera gasto, en particular os de persoal e alugueres, pola parte correspondente ás retencións practicadas en concepto de IRPF quedará condicionado á presentación dos documentos da Axencia Estatal de Administración Tributaria acreditativos do seu aboamento.

Os gastos de desprazamentos e axudas de custo só poderán xustificarse ata unha contía máxima do 3% do importe da subvención.

5. Os custos indirectos poderán formar parte da xustificación da subvención sempre que fosen imputados polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidos e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. En todo caso, a imputación de custos indirectos á actividade subvencionada non poderá superar o 10% do seu custo total.

6. No caso de que non se xustifique o 100% do orzamento total de gastos indicado na solicitude ou, de ser o caso, na reformulación, e sempre que se realíza a actividade e se cumprise a finalidade que fundamentou a súa concesión, a Secretaría Xeral da Emigración realizará o pagamento pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Non se considerará que incorre en incumprimento a entidade beneficiaria que realice parcialmente a actividade que é obxecto da subvención por falta de financiamento propio, sempre que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

7. De acordo co establecido no artigo 46º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola entidade beneficiaria porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días para a súa corrección. A falta de presentación da documentación requirida no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

Artigo 21º.-*Pagamento.*

1. O pagamento final realizarase unha vez comprobada pola Secretaría Xeral da Emigración a xustificación presentada pola entidade beneficiaria da realización dos proxectos obxecto da subvención.

2. De conformidade co artigo 63º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñen entregas de fondos con carácter previo á xustificación, de ata o 50% da subvención concedida, como financiamento necesario para poder levar a cabo os proxectos subvencionados que non superen os 18.000 euros e ata un 10% adicional cando o importe da subvención supere a devandita contía. Será obrigatoria a prestación de garantías en subvencións de capital cando a contía do pagamento supere os 18.000 euros, entendendo este importe referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados, segundo o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O citado anticipo deberá ser solicitado expresamente polo beneficiario unha vez que se lle notifique a subvención concedida. Indicarase na solicitude a cantidade de anticipo solicitada; se esta fose superior ao 50%, concederáselle, de ser o caso, o máximo do 50% da cantidade aprobada.

Artigo 22º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Con carácter xeral, os beneficiarios das axudas e subvencións correspondentes a esta resolución quedan obrigados a:

1. Realizar a acción ou comportamento que fundamente a concesión da subvención.

2. Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións de Galicia, en concreto, as recollidas no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento concedente, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

3. Comunicar á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.

5. Se, por calquera motivo, a actuación programada non se puidese realizar, deberase comunicar a renuncia á Secretaría Xeral da Emigración, que poderá dispoñer do citado crédito para subvencionar proxectos inicialmente non atendidos.

6. Deberán introducir por medios telemáticos na Guía actualizada de programas e actividades das migracións (GAPAM), da sección Inmigración e Retorno da páxina web <http://www.galiciaaberta.com> da Secretaría Xeral da Emigración, segundo as instrucións e prazos establecidos nesta guía, todos os proxectos ou actuacións obxecto de subvención a través desta resolución, co fin de que alcancen a maior difusión.

7. A difusión do financiamento por parte da Secretaría Xeral da Emigración nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada. En particular, a inclusión do logotipo da secretaría en todos aqueles materiais e soportes empregados nos proxectos subvencionados.

8. A comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a realización de accións, podendo a Secretaría Xeral da Emigración adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

Unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar, antes de que conclúa o prazo para a realización das accións, a modificación do seu contido, de concorrer en circunstancias que alterasen substancialmente as condicións tidas en conta para a concesión da subvención a criterio da Secretaría Xeral da Emigración.

9. A comprobación das axudas recibidas e os seus efectos, pola Secretaría Xeral da Emigración, regulados nos artigos 57º e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 23º.-*Incumprimento, reintegro e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora debidos desde o momento en que se efectúe o pagamento, nos casos sinalados no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia. De acordo co artigo 14º.1 n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concede a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

3. Aos/ás beneficiarios/as das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24º.-*Compatibilidade das axudas.*

1.O importe das subvencións reguladas nestas bases será compatible con outras, calquera que sexa a súa natureza, administración ou entidade que as conceda, agás as derivadas de convenios subscritos coa Secretaría Xeral da Emigración para a mesma finalidade. Non obstante, admitirase a compatibilidade desta subvencións cos citados convenios da Secretaría Xeral da Emigración para os proxectos que se encadren dentro das accións da epígrafe 1.1 do artigo 6º (Accións de acollida que inclúan aloxamento e/ou manutención).

En todo caso, deberase ter en conta que a suma de todas as subvencións obtidas, tanto as de carácter privado como das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, non poderá superar o 100% do investimento subvencionable.

Artigo 25º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a lexislación básica do Estado sobre subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro, e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo); a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e demais normativa que a desenvolva.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE E RETORNADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DURANTE O ANO 2011	CÓDIGO DO PROCEDIMIENTO PR907B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS DO/A REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO DO RESPONSABLE DO PROGRAMA			

DECLARACIÓN

A presentación desta solicitude implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras. Para os efectos do previsto no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude comporta a autorización á Secretaría Xeral de Emigración para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido. A entidade solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios e no Rexistro Público de Sancións, creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9º.4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, que son certos os datos consignados nesta solicitude e acepto, como representante da entidade que se indica, someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite, de ser o caso, e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta secretaría como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 21 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

SIGNATURA DO SOLICITANTE

Lugar e data

, de de

Secretario xeral da Emigración

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Rúa dos Basquiños nº 2, 15704 Santiago de Compostela

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE
(marcar cun X o que corresponda)

a	☐ Acreditación da identidade e da capacidade de representación do asinante da solicitude. Deberá acreditar a identidade no caso de que denegue a autorización á Secretaría Xeral da Emigración para que obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no DNI (anexo III).
b	☐ Eixes e programas para os que se solicita a subvención (anexo II).
c	☐ Acreditación do requisito de inscrición no rexistro correspondente.
d	☐ Fotocopia cotexada dos estatutos da entidade debidamente legalizados.
e	☐ Orzamento de ingresos e gastos da entidade.
f	☐ Certificado do secretario da entidade que acredite o número de socios, diferenciando retornados de inmigrantes.
g	☐ Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.
h	☐ Declaración de axudas (anexo III).
i	☐ Declaración de non estar incurso a entidade na prohibición de obter a condición de beneficiario sinalada nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo III).
j	☐ Declaración en que conste que a entidade solicitante se acha ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (anexo IV).
k	☐ Memoria da entidade (anexo V).
l	☐ Memoria explicativa do proxecto (anexo VI).
m	☐ Ficha de solicitude de transferencia bancaria (anexo VII).

ANEXO II

EIXES E PROGRAMAS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN*

PROXECTO Nº 1

TÍTULO DO PROXECTO:			
EIXE:			
ACCIÓN:			
CUSTO TOTAL DO PROXECTO ** (A)	CONTÍA SOLICITADA DA SUBVENCIÓN ** (B)	ACHEGA DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS ** (C)	ACHEGAS PROPIAS ** (D)

PROXECTO Nº 2

TÍTULO DO PROXECTO:			
EIXE:			
ACCIÓN:			
CUSTO TOTAL DO PROXECTO ** (A)	CONTÍA SOLICITADA DA SUBVENCIÓN *** (B)	ACHEGA DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS (C)	ACHEGAS PROPIAS (D)

PROXECTO Nº 3

TÍTULO DO PROXECTO:			
EIXE:			
ACCIÓN:			
CUSTO TOTAL DO PROXECTO ** (A)	CONTÍA SOLICITADA DA SUBVENCIÓN *** (B)	ACHEGA DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS (C)	ACHEGAS PROPIAS (D)

* Cubrir tantos cadros como proxectos presentados

** O importe da epígrafe A deberá coincidir coa suma das epígrafes B, C e D

*** O importe da epígrafe B non pode ser superior ao importe correspondente do artigo 5º das bases reguladoras, nin pode superar o 80% do importe da epígrafe A.

ANEXO III

DECLARACIÓNS NA FASE DE SOLICITUDE

ENTIDADE QUE FAI AS DECLARACIÓNS:

--

1) DECLARACIÓN DE AXUDAS:

O SECRETARIO DA ENTIDADE DECLARA QUE ESTA TEN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIONES QUE SE SINALAN, PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DO PROGRAMA SUBVENCIONABLE, ademais da solicitada á Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.

(IMPORTES EN EUROS)

Proxecto	Administración pública ou organismo a que se lle solicitou ou que se lle concedeu subvención	Importe solicitado pendente de conceder	Importe concedido

(*)

--

(*) No caso de non ter solicitada ou concedida ningunha outra subvención para o mesmo programa, deberá manifestarse expresamente neste recadro.

2) DECLARACIÓN EXPRESA:

O secretario da entidade **declara** expresamente que esta non está incurso nas circunstancias previstas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tamén autorizo a Secretaría Xeral da Emigración, de conformidade cos artigos 2º e 3º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade, nos sistemas de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administración Públicas.

☐ SI ☐ NON

Lugar e data

_____, de _____ de _____

(Selo da entidade)

O/A SECRETARIO/A

Visto e prace
O/A PRESIDENTE/A OU
O/A REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.:

--

Asdo.:

--

*ANEXO IV***DECLARACIÓN DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ECONÓMICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

D./Dña. , con DNI solicitante dunha subvención en representación de , para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega para o ano 2010,

DECLARO:

Que a entidade solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa comunidade autónoma.

Lugar e data

, de de 20

Asdo.:

*ANEXO V***MEMORIA DA ENTIDADE**

DATA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE	
ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN	
FINS DA ENTIDADE	

ESTRUTURA E CAPACIDADE DE XESTIÓN

INMOBLES PROPIOS, ARRENDADOS OU CEDIDOS	
INMOBLE: 	RÉXIME XURÍDICO:
MOBILIARIO, EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS, ETC. 	

MEDIOS PERSOAIS

PERSOAL CONTRATADO	
POSTO DE TRABAJO: 	SITUACIÓN (FIXO, TEMPORAL, EVENTUAL, ETC.)
PERSOAL VOLUNTARIO	
NÚMERO E TRABALLO DESENVOLVIDO: 	
ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS QUE FAVOREZAN A INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 	

*Pode continuar en folia á parte

ANEXO VI

MEMORIA DO PROXECTO
(Deberá achegar unha memoria por cada proxecto presentado)

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
DENOMINACIÓN DO EIXE E/OU PROGRAMA	
ENTIDADE	
RESPONSABLE DO PROXECTO	
TEL. DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO
BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO (Explicación en sete liñas do proxecto)	
EMPREGO DA LINGUA GALEGA (En caso afirmativo indicar brevemente como se manifestará o uso do galego no proxecto)	
☐ SI ☐ NON	
DURACIÓN DO PROXECTO E HORARIO DE PRESTACIÓN (En caso de accións de aloxamento e/ou manutención, accións formativas ou calquera outra que resulte oportuna deberase indicar o horario semanal e os días en que teña lugar a actividade)	
DATA ESTIMADA DE INICIO	DATA ESTIMADA DE FINALIZACIÓN
ÁMBITO E LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE (Indicar a localización e o ámbito de influencia directa do proxecto)	
☐ LOCAL	☐ COMARCAL
☐ PROVINCIAL	☐ AUTONÓMICO
ENTIDADES PARTICIPANTES NO PROXECTO (En caso de participar varias entidades no proxecto deberanse indicar aquelas que colaboren no mesmo, indicando as funcións e actuacións levadas a cabo por cada unha. Así mesmo, deberase xuntar a esta memoria unha declaración de cada unha das entidades colaboradoras facendo constar a súa participación no proxecto)	
COLECTIVO A QUE VAI DIRIXIDO (Definir con precisión o perfil do colectivo a que vai dirixido o proxecto, especialmente cando se considere que está formado por persoas en situación de especial vulnerabilidade. En todo caso, deberase facer unha estimación do número de beneficiarios do proxecto e as accións de aloxamento e/ou manutención hai que indicar o número de prazas xa existentes e as de nova creación)	
XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO FRONTE Á NECESIDADE DETECTADA (Describir a necesidade social detectata e a maneira en que o proxecto axuda á súa satisfacción)	

OBXECTIVOS DO PROXECTO (Previsión dos resultados que se pretenden obter co proxecto)
DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER (Se a explicación detallada do proxecto excede o espazo reservado no cadro poderase presentar nun documento á parte, coas follas debidamente unidas, e facer referencia ao dito anexo neste punto)
METODOLOXÍA DE INTERVENCIÓN. ENFOQUES E CRITERIOS METODOLÓXICOS (Describir a forma de intervención cos participantes. Explicar os mecanismos de coordinación, seguimento e avaliación dos resultados)
PROXECTOS SUBVENCIONADOS NA ANTERIOR CONVOCATORIA QUE COINCIDAN CO OBXECTO DO PROXECTO PRESENTADO (De ser o caso, indicar o número de expediente)
RECURSOS HUMANOS VINCULADOS Á EXECUCIÓN DO PROXECTO (Indicar os recursos humanos dedicados ao proxecto, especificando as súas funcións e a súa vinculación xurídico-laboral coa entidade. Cando teñan lugar actividades formativas ou naqueles casos en que resulte relevante, deberase indicar a titulación académica que terán, ou que se exixirá, aos docentes ou persoal destinado ao proxecto)
MEMORIA ECONÓMICA (Orzamento de gastos detallado por conceptos e desagregado coa maior precisión posible)

*ANEXO VII***FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA**

TITULAR/ES DA CONTA BANCARIA		CIF	
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
CERTIFICO: Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta. <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de _____ _____ SINATURA E SELO DA ENTIDADE BANCARIA			

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO
(Deberá entregarse unha memoria por cada proxecto subvencionado)

[illegible]

EN CASO DE PROXECTO QUE INCLÚA ALOXAMENTO INDICAR:			
NÚMERO PRAZAS DE ALOXAMENTO 	☐ Existentes 	☐ Nova creación 	TEMPO MEDIO DE ESTADÍA EN DÍAS
RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS EMPREGADOS (Indicar os recursos humanos empregados no proxecto. Cando teñan lugar actividades formativas ou naqueles casos en que resulte relevante, deberase xuntar copia do título académico ou profesional do docente ou persoal destinado ao proxecto. Deberanse indicar tamén os recursos materiais que foron utilizados)			
GASTO EXECUTADO:			
CUSTO TOTAL DO PROXECTO 	CONTÍA CONCEDIDA DA SUBVENCIÓN 	ACHEGAS DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS 	ACHEGAS PROPIAS
RELACIONAR POR CONCEPTOS OS GASTOS EXECUTADOS			
MATERIAL XUSTIFICATIVO QUE COMPLEMENTA ESTA MEMORIA (Relacionar o material fotográfico, notas de prensa, papelería editada e calquera outro soporte que acredite a realización e difusión do proxecto. Deberase presentar unha copia do dito material xunto coa documentación)			

ANEXO IX

CERTIFICADO DO GASTO REALIZADO

D./Dña. , con DNI secretario/a de

CERTIFICA:

Que, en relación á resolución de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornados na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2011, do día , realizáronse gastos polos importes e conceptos seguintes:

PROXECTO	NÚMERO EIXE/ACCIÓN	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA	IMPORTE GASTO XUSTIFICADO
TOTAL			

E, para que así conste, e para os efectos oportunos, asino esta certificación

Lugar e data

, de de 20

Visto e praxe
O/A PRESIDENTE/A OU
REPRESENTANTE LEGAL

O/A SECRETARIO/A

ANEXO X

RELACIÓN DAS FACTURAS E DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DO GASTO REALIZADO

Proxecto:					
Eixe/Programa:					
Nº orde	Data	Nº fact.	Empresa ou entidade emisora	Importe (IVE incluído)	Celas para cubrir pola Administración
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
23					
24					
25					
26					
27					
28					
Total (en moeda nacional)					
Total (en euros)					
Certifico que todas as facturas que aparecen na relación anterior, presentadas como documentación xustificativa, corresponden aos gastos realizados para este proxecto pola entidade en execución das actividades subvencionadas. Lugar e data _____, de _____ de _____ O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE Visto e prace O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE OU O/A REPRESENTANTE LEGAL					
Asdo.:		Asdo.:			

ANEXO XI

DECLARACIÓN NA FASE DE XUSTIFICACIÓN

ENTIDADE QUE REALIZA AS DECLARACIÓN:

PROXECTOS SUBVENCIONADOS:

Proxecto 1:

Proxecto 2:

Proxecto 3:

1) DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO:

O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE **DECLARA** QUE O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS SUBVENCIONADOS QUE FORON REALIZADOS SE FIXO DO SEGUINTE XEITO:

(IMPORTES EN EUROS)

	PROXECTO 1	PROXECTO 2	PROXECTO 3
Importe a cargo da entidade			
Axudas doutras institucións oficiais			
Subvención da Secretaría Xeral da Emigración			
Outras fontes de financiamento			
Concepto:			
Total financiamento:			

2) DECLARACIÓN DE AXUDAS:

O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE **DECLARA** QUE ESTA TEN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIONES QUE SE SINALAN, **PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA ACCIÓN REFERENCIADA, ADEMAIS DA SOLICITADA Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DE GALICIA.**

(IMPORTES EN EUROS)

Proxecto	Administración pública ou organismo a que se lle solicitou ou que se lle concedeu subvención	Importe solicitado pendente de conceder	Importe concedido

(*)

(*) No caso de non ter solicitada ou concedida ningunha outra subvención para a mesma acción, maniféstelo expresamente neste recadro.

3) DECLARACIÓN EXPRESA:

O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE **DECLARA** EXPRESAMENTE QUE A ENTIDADE SOLICITANTE ESTÁ AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS, E DE SEGURIDADE SOCIAL, ASÍ COMO QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Lugar e data:

, de de

O/A SECRETARIO/A

Visto e prace
O/A PRESIDENTE/A OU
O/A REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.:

Asdo.:

LOGOTIPOS

Secretaría Xeral da Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

Resolución do 4 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Consonte o establecido no artigo 33º da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, modificado pola Lei orgánica 1/2000, do 7 de xaneiro, esta dirección xeral dispón a publicación do Acordo que figura como anexo nesta resolución.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2011.

Roberto Castro García
Director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

ANEXO

Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación da Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia

A Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, na súa reunión do día 15 de febreiro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

1. Iniciar negociacións para resolver as discrepancias manifestadas en relación co artigo 81º.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

2. Designar un grupo de traballo para propor á Comisión Bilateral de Cooperación a solución que proceda.

3. Comunicar este acordo ao Tribunal Constitucional, por calquera dos órganos mencionados no artigo 33º.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do tribunal constitucional, para os efectos que no propio precepto se establecen, así como inserir este acordo no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Madrid, 15 de febreiro de 2011. Manuel Chaves González, vicepresidente terceiro e ministro de Política Territorial e Administración Pública; Alfonso Rueda Valenzuela, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 24 de febreiro de 2011 pola que se dá publicidade ao cofinanciamento co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dos convenios asinados pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O secretario xeral técnico da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, o abeiro do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, e para os efectos previstos na normativa da Unión Europea reguladora dos fondos europeos en relación coa obriga de información e publicidade das actuacións cofinanciadas polos ditos fondos, procede a dar publicidade aos convenios cofinanciados pola Unión Europea que se relacionan a continuación:

1. Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para o establecemento dos niveis xenéricos de referencia de metais pesados e outros elementos de traza en solos de Galicia.

Asinado o 3 de xaneiro de 2007.

Importe: 69.000 euros.

Aplicación orzamentaria: 15.03.541D.640.7.

Expediente CA/2006/045.

2. Convenio coa Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona para novas estratexias programáticas de xestión de residuos urbanos.

Asinado o 1 de outubro de 2009.

Importe: 142.100 euros.

Aplicación orzamentaria: 43.03.541D.640.1.

Expediente: CA/2009/005.

3. Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para o control aerobiolóxico de Galicia.

Asinado o 17 de novembro de 2009.

Importe: 65.772 euros.

Aplicación orzamentaria: 43.03.541D640.5.